

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

PE403A 2009/44-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE BAIONA
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE PERCEBE
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	A PÉ E DENDE EMBARCACIÓN

Especies	Percebe (<i>Pollicipes pollicipes</i>)
Ambito do plan	Entre punta Orelludas e monte Ferro (Punta Lameda), incluíndo as illas Estelas, Farallóns e Lourido.
Subzonas de explotación	Zona 1: De monte Ferro (Punta Lameda) ata embarcadoro de Carral, incluíndo as illas Estelas, Farallóns e Lourido. Zona 2: de embarcadoro de Carral a punta Centinela (ata sur Pedra dos Homes) Zona 3: de punta Centinela (dende xur Pedra dos Homes) a Orelludas.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
63	33	74
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		150										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : De xaneiro a decembro.												
Modalidades⁽³⁾ : A PÉ E DENDE EMBARCACIÓN												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Z-3	Z-2	Z-1	Z-3	Z-2	Z-1	Z-3	Z-2	Z-1	Z-3	Z-2	Z-1	

Topes de captura		
Especies	A pé(mariscadora/día)	Embarcación (habilitación enrolado e a bordo/día)
Percebe	5 kg de tope neto (primeira venda) e 7 kg tope bruto (zona de extracción). En determinadas épocas: 3 kg de tope neto (en primeira venda) e 4 kg tope bruto (na zona de extracción)	5 kg de tope neto (primeira venda) e 7 kg tope bruto (zona de extracción). En determinadas épocas: 3 kg de tope neto (en primeira venda) e 4 kg tope bruto (na zona de extracción)

Artes a empregar	Rasqueta segundo o Decreto 424/1993
-------------------------	-------------------------------------

Puntos de control	A pé: Zona 1: Salgueira, Zona 2: Porto do Castro, Zona 3: Pedra Rubia. Embarcación: embarcación da confraría e lonxa de Baiona.
Puntos de venda	Lonxa de Baiona



Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epoas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Diferenzas observadas entre o plan presentado pola agrupación e a confraría de pescadores:

O plan de explotación proposto pola directiva para o ano 2010 introduce como novidades entre as medidas de xestión, accións de mellora e normas de traballo que consisten en.

- Incrementar o esforzo de vixilancia: pasando de 4 a 6 gardapescas contratados durante todo o ano
- Protexer máis o recurso establecendo unha talla mínima máis restritiva: 35 mm de longo respectándose en todo caso a talla mínima legalmente establecida: 15 mm diámetro maior da base do capítulo
- Incluír novas medidas de xestión para o percebe alongado o que permitiría obter beneficios dun percebe ata o de agora non aproveitado de zonas que habitualmente non se traballan

A xunta xeral da confraría introduciu, con posterioridade, modificacións respecto da proposta elaborada pola agrupación que consiste na supresión das novidades citadas anteriormente. No escrito achegado pola entidade xustifícase que deben ser suprimidas dado que non foron aprobadas pola asemblea xeral de percebeiros.

Así pois, no caso do **establecemento dunha talla mínima de longo (35 mm)** sempre e cando se respecte a talla mínima legalmente establecida: 15 mm diámetro maior da base do capítulo, ao ser unha medida máis restritiva encamiñada á protección do recurso **requerirá a aprobación pola asemblea xeral de la agrupación.**

Respecto ao proxecto "**Xestión integral da pesqueira de percebe**", acción encamiñada á valorización e introdución no mercado dos subprodutos desta pesqueira ademais de deseñar medidas de xestión que favorezan a renovación do percebe de alto valor comercial mediante a



xestión diferencial das dúas variedades: percebe normal ou comercial e percebe de sombra ou alongado, tiveron lugar durante o ano 2009 catro asembleas xerais de percebeiros nos que se presentou o proxecto ao sector, recolléronse as súas propostas e se chegou a acordos sobre as medidas de xestión concretas. Polo que se pode deducir que esta acción conta coa aprobación da maioría dos membros da agrupación.

A autorización para a realización de actividades de limpeza e rareos de percebe *alongado* requirirá de que se especifiquen as zonas a rexenerar, un calendario de actuacións e detallar a organización dos traballos, os participantes e o destino do percebe.

Participantes:

- A pé: segundo a relación achegada pola entidade (61 permisos) advertíronse as seguintes incidencias: A entidade deberá indicar os motivos que produciron a non inclusión destas tres persoas no plan. Tendo en conta, polo tanto, as incidencias, o número de permisos é de 63.
- Embarcacións: Segundo os datos dispoñibles na Consellería do Mar,

Calendario de extracción: os días máximos serán 150 e de 4 días de extracción específica para o proxecto “Xestión integral da pesqueira de percebe”. Os días de explotación adicados a este proxecto deberán indicarse na correspondente solicitude de apertura mensual, para que así conste na resolución ditada polo departamento territorial.

Cotas máximas de captura:

As cotas máximas de captura netas serán de 5 kg/mariscadora/día e 5 kg/habilitación/día.

A entidade propón que en determinadas épocas de baixa demanda ou das condicións meteorolóxicas reducirán as cotas máximas a 3 kg/mariscadora ou habilitación/día (4 kg brutos).

Cómpre recordar, polo tanto, que:

- as cotas brutas autorizadas na zona de extracción (rochas) deberán figurar nas resolucións de apertura mensuais
- os topes de captura son autorizados dende o departamento territorial, de xeito que cando a agrupación pretenda reducir o tope de captura con respecto ao autorizado na resolución mensual, deberá solicitalo a dito departamento.

A entidade solicita unha cota máxima de captura de 8 kg/mariscadora ou habilitación/día (10 kg brutos) durante días puntuais de nadal, semana santa ou verán. En canto a esta solicitude e tendo en conta o incremento autorizado para o ano 2009 de 25 permisos, o descenso de capturas e días traballados e a tendencia á baixa da CPUE cómpre non aceptar o incremento a 8 kg durante días puntuais.

Para os días de extracción específica no marco do proxecto de “Xestión integral dea pesqueira de percebe” a cota máxima será de 10 kg/mariscadora/día e 10 kg/habilitación/día.

O percebe *alongado* procedente de limpeza e rareos nas zonas de produción que se pretenden rexenerar poderá ser comercializado a través de lonxas ou centros autorizados, xa sexa para consumo directo ou transformación, debéndose cumprirse a normativa vixente en canto a



extracción e comercialización de produtos pesqueiros, é dicir respectar as tallas mínimas legais, os días e horarios laborables, os topes de captura (salvo informe técnico favorable), etc.

O tope neto autorizado nas resolucións mensuais de actividade extractiva correspóndense coa cantidade de percebe que se pode poñer á venda na lonxa ou centro autorizado. Os descartes procedentes dos días de actividade extractiva **non poderán ser comercializados a través da lonxa para consumo directo**, pero se acepta que poidan ser comercializados para a fabricación de conservas, patés e pasteis así como para a elaboración de produtos comerciais no marco do proxecto denominado "*Xestión integral da pesqueira do percebe*".

Talla mínima: acéptase o establecemento dunha talla mínima de longo (35 mm) sempre e cando se respecte a talla mínima legalmente establecida: 15 mm diámetro maior da base do capítulo, ao ser unha medida máis restritiva encamiñada á protección do recurso. Dita medida antes da súa aplicación deberá contar co visto e prace da asemblea de percebeiros e unha vez que conte con tal aprobación e cando se desexe por en marcha deberá indicarse na solicitude de apertura dirixida ao departamento territorial.

Horario de traballo: acéptase o horario de 2 horas antes a unha hora e media despois da baixamar diúrna, non superando nunca as 17:00 horas, dado que é mais restrictivo que o establecido regulamentariamente.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

Extracción de mexilla: o plan de explotación para recursos marisqueiros non é unha ferramenta de xestión destinada a regular a explotación da semente de mexillón, polo que non procede incluír no plan o regulamento para a xestión da mexilla. A extracción de mexilla está regulada pola Orde de 26 de outubro de 2000, permitindo dúas modalidades de extracción: ben polos propios concesionarios ou ben por acordo suscrito coas confrarías de pescadores ou agrupacións de mariscadores. Polo tanto, é no marco da aprobación do acordo suscrito e decisión internas dos órganos competentes da entidade donde debe contemplarse as normas de traballo desta actividade

Recomendacións para a mellora do plan:

- empregar números arábigos e non romanos para nomear as diferentes subzonas co propósito de evitar posibles confusións coa clasificación de zonas para o control de biotoxinas
- indicar polo miúdo o funcionamento dos puntos de control
- completar a información relativa ao plan financeiro